

# **FAMILIA E MATRIMONIO ...**



**... sentimentos e sexo**

**Xoán Hermida González**  
**Master “filosofía e novas tendencias” USC**  
**decembro de 2.010**

**“O amor é física e química”**  
**Severo Ochoa**

## **INDICE.-**

### **1. MITO DA MONOGAMIA E O PORQUE DA FAMILIA**

- Estadios Prehistóricos de Cultura**
  - Salvaxismo
  - Barbarie
  - Civilización
- Evolución da Gens á Familia**
  - Familia Cosanguínea
  - Familia Punalúa
  - Familia Sindiásmica
  - Familia Monogámica

### **2. FAMILIA E MATRIMONIO**

- **Institución civil**
- **Industrialización e utilitarismo**
- **O divorcio ou a temporalidade do matrimonio**
- **Unións de feito**
- **O divorcio ‘express’ e o recoñecemento legal do matrimonio homosexual**
- **Familia e crise**
- **O reto: democratizar a familia**

### **3. MATRIMONIO, SENTIMENTOS E SEXO**

### **ANEXO: POLIAMORIA, SWINGERS E RELACIÓNS ABERTAS**

## 1. O MITO DA MONOGAMIA E O PORQUE DA FAMILIA

***“O derrocamento do dereito materno foi a grande derrota do sexo feminino en todo o mundo. O home empuñou tamén as rendas na casa; a muller viuse degradada; convertida en servidora, na escrava da luxuria do home, nun simple instrumento de reprodución”***  
**F. Engels**

As aves foron durante moito tempo estudadas polos biólogos como as que tiñan uns hábitos en parella máis monogámicos, pero agora descubriuse que entre un 20% e un 40% dos polluelos pertencen a outros machos, e nas aves migratorias unha de cada catro femias ( 25% ) das mesmas xa portan nas súas cloacas semen dun macho antes de chegar ás zonas de apareamento.

Segundo as enquisas realizadas nos últimos anos **un 50% dos homes e un 30% das mulleres do noso ámbito cultural recoñeceron ter sido infieis** cando menos unha vez.

**De 4.000 especies de mamíferos menos de 50 viven en parella.**

**De 185 sociedade estudadas soamente 29 practican a monogamia** e, aínda que vivimos nunha época de moralidade, soamente 10 desaproban as relacións extra-matrimoniais, antes do matrimonio ou o adulterio.

Mesmo os animais máis insociables e solitarios como o orangután ou o oso negro practican o sexo con máis de unha parella.

De tódalas sociedades coñecidas que teñen habitado o noso planeta ata a actualidade o 83% son poligámicas.<sup>1</sup>

Polo tanto, se nin a bioloxía, nin a antropoloxía nin a primatoloxía suxiren que a monogamia é un modo de vida natural, porque entón a familia no seu sentido tradicional no noso entorno cultural ten estado durante varios miles de anos sustentado sobre a monogamia?

Sempre estaremos infinitamente agradecidos a Friedrich Engels, pola súa achega evolucionista ao estudo na ‘Orixe da Familia, a Propiedade Privada e o Estado’.

Engels parte coa súa teoría evolutiva da familia desde o ‘salvaxismo’ ata chegar ‘a civilización’, pasando pola etapa intermedia da ‘barbarie’. Nese percorrido, desde o salvaxismo até a nosa civilización rompese coa lóxica binaria de "civilización ou barbarie" e ao facelo abre toda unha gama de posibilidades que por entón, en plena época Vitoriana, a relixión borrara do mapa.

A obra de Engels utiliza como punto de partida as conclusións do antropólogo norteamericano Lewis Henry Morgan na súa obra ‘a sociedade primitiva’ ao sacar conclusións nas unións xentilicias dos indios norteamericanos elementos para comprender as sociedades xentilicias gregas e romanas en particular, e europeas en xeral.

---

<sup>1</sup> Datos extraídos do libro *“The Myth of Monogamy. Fidelity and Infidelity in Animals and People”* da psiquiatra, Judith Eve Lipton e do psico.biólogo, David Barash.

A teoría de Engels parte da premisa de que ao ser o factor decisivo na historia é a produción e a reprodución, a medida de que avanza as relacións derivadas da produción e da reprodución vai a ir pasándose dunha sociedade xentilicia sen familia a un proceso que, tras varios pasos, acabará na familia monogámica tal como a coñecemos na actualidade nas nosas sociedades.

“segundo a teoría materialista, ou factor decisivo na historia é, a fin de contas, a produción e a reprodución dá vida inmediata. Dunha parte, a produción de medios de existencia, de alimentos, de roupa, de vivenda e doas instrumentos que para producir todo isto necesítanse; doutra parte, a produción do home mesmo, a continuación dá especie. A orde social na que viven os homes nunha época ou nun país determinado, esta condicionado por esas dúas especies de produción: polo grao de desenvolvemento do traballo, dunha parte, e dá familia, dá outra”<sup>2</sup>

O antropólogo suízo Johann Jakob Bachofen, vai ser quen na súa obra ‘O matriarcado: Unha investigación sobre o carácter relixioso e xurídico do matriarcado no mundo antigo’ (1861), plantexa por vez primeira a tese de que primitivamente os seres humanos vivían na promiscuidade sexual; que tales relacións impedían establecer a paternidade e soamente a liña feminina era a que se tiña en conta; esta situación de privilexio da muller chegaba a que tivera unha posición definitiva, mesmo ata ou punto de plantexarse o dominio feminino absoluto ( xinecocracia ).

Esta tese vai ser recollida por Engels pero diferindo nas motivacións de porque se pasa do heterismo á monogamia.

Para Bachofen, o paso do dereito materno ao paterno prodúcese ‘nos gregos’ polo desenvolvemento das concepcións relixiosas, a aparicións das novas divindades.

Engels rexeita esta motivación idealista e plantexa unha formulación de carácter materialista que vai ter que ver coa evolución na produción e nas relacións derivadas dela: “segundo Bachofen non foi o desenvolvemento das condicións reais de existencia dos homes, senón o reflexo relixioso destas condicións non cerebro deles, o que, determinou os cambios históricos na situación recíproca do home e dá muller”.<sup>3</sup>

En todo caso ambos os autores coinciden na **existencia dun xeito de ‘poliamoria primitiva’ na sociedade comunista prehistórica.**

“existiu en efecto, antes da monogamia, un estado social non que non soamente o home mantiña relacións sexuais con varias mulleres, senón que tamén a muller mantiña relacións sexuais con varios homes, sen faltar por elo aos hábitos establecidos”<sup>4</sup>

Nos diferentes estadios de evolución humana -salvaxismo, barbarie e civilización - van configurarse diferentes modelos de familia.

### **Estadios Prehistóricos de Cultura**

Os Estadios prehistóricos que sitúa Morgan son tres: Salvaxismo, Barbarie e Civilización. Coas necesarias correccións froito dos novos descubrimentos o esquema nos é útil para abordar a evolución do modelo familiar.

---

<sup>2</sup> Do prefacio á 1ª edición (1884) do libro ‘A orixe da familia, a propiedade privada e do estado’, F. Engels

<sup>3</sup> Do prefacio á 4ª edición (1891) do libro ‘A orixe da familia, a propiedade privada e do estado’, F. Engels

<sup>4</sup> Do prefacio á 4ª edición (1891) do libro ‘A orixe da familia, a propiedade privada e do estado’, F. Engels

- Salvaxismo:

- Estadio inferior (corresponde co Paleolítico Inferior ata 200.000 a.n.e.) Infancia do xénero humano. Os homes permanecían aínda nos bosques tropicais ou subtropicais vivindo nas árbores, desta maneira é que sobrevivían ás grandes feras, e os froitos, sementes e raíces servían de alimento. O máximo proceso desta época, segundo Engels, é a linguaxe articulada. Non se pode demostrar de maneira directa a existencia deste estadio, pero é a única explicación lóxica para a supervivencia e evolución do home se dicimos que provén do animal.

- Estadio medio (corresponde co Paleolítico Medio ata 35.000 a.n.e ) Comeza co emprego do peixe e outros froitos de mar na alimentación, e o uso do lume. Ambos os fenómenos aparecen case ao mesmo tempo, xa que para o consumo do peixe é necesario o lume. O lume xoga un papel moi importante na evolución do home, xa que grazas a este elemento o home vólvese independente do clima e os lugares; seguindo o curso de augas e estendéndose sobre a maior parte da Terra. Desenvólvense bastos instrumentos de pedra sen pulimentar, e descóbrense varios usos para o lume, e varias formas de obtención, isto conduciu ao emprego de novos alimentos. Parece ser que a antropofaxia desenvólvese neste estadio.

- Estadio superior ( corresponde co Paleolítico Superior ou coa fase Epipaleolítico do Mesolítico 10.000 a.n.e ). Comeza coa invención do arco e a frecha, con isto desenvólvese mellor a caza, converténdose na fonte regular de alimento, xa ven algúns indicios de residencia fixa en aldeas e a produción de tecidos, vaixelas e trebellos, e outros instrumentos de pedra puída, todo isto sen coñecemento da olaría e o tear.

- Barbarie:

- Estadio inferior ( coincide co período Protoneolico do Mesolítico 7.000 a.n.e ). Empeza coa a introdución da olaría, na maioría dos casos pode demostrarse que comeza co recubrimento con barro a vaixelas de madeira, co obxecto de cociñar nelas.

- Estadio medio ( coincide co Neolítico 5.000 a.n.e ). No leste comeza a domesticación de animais, e primeiros cultivos. O desenvolvemento da gandaría e os grandes rabaños, fixo desaparecer a antropofaxia, quedando nalgúns sitios como un rito relixioso.

- Estadio superior ( coincide co idade do ferro 2.500 a.n.e). Aparece o arado de ferro, o cultivo de terra a gran escala, a poesía, principalmente a grega, a cultura grega deixa como principal herdanza o paso da barbarie á civilización.

- Civilización:

A civilización é o estadio de desenvolvemento da sociedade en que a división do traballo, o cambio entre individuos que dela deriva e a produción mercantil, que abarca a unha e outra, alcanzan o seu pleno desenvolvemento e ocasionan unha revolución en toda a sociedade anterior.

Segundo o xuízo de Morgan, a civilización nace e subsiste grazas á propiedade privada, a acumulación de riquezas e como acrecentalas, proceso que se inicia desde a barbarie.

## **Evolución da Gens á Familia**

Gens é unha palabra de orixe greca-romano que usa Morgan para designar un grupo que constitúe unha descendencia común e que esta unido por certas institucións sociais e relixiosas, formando unha comunidade particular.

Como forma clásica de gens primitiva, Morgan toma a dos iroqueses.

A gens grega distínguese da arcaica iroquense por unha evolución máis marcada en dous grandes períodos, no segundo dos cales desaparece o matrimonio grupal (familia punalúa).

A familia, segundo Morgan, é o elemento activo; nunca permanece estacionada, senón que pasa dunha forma inferior a unha superior a medida que a sociedade pasa dun grao máis baixo a outro máis alto. Os sistemas de parentesco, pola contra, son pasivos, só despois de longos intervalos rexistran os progresos feitos pola familia e non sofren unha modificación radical, senón cando se modificou radicalmente a familia.

Antes de que se empezou a desenvolver a familia convivíase en total promiscuidade.

- A familia consanguínea. Nesta primeira forma de familia, os grupos conxugais clasifícanse por xeracións. É dicir, os ascendentes e descendentes están excluídos dos dereitos e os deberes do matrimonio, ou sexa matrimonio entre pais e fillos, namentres que todo outro vínculo de sangue é considerado como matrimonio e presupón comercio carnal recíproco.

Nesta etapa da familia presuponse unha relación fraterna e horizontal absoluta.

- A familia punalúa. Nesta tipoloxía exclúese ao irmán do comercio sexual recíproco, realizar aos poucos, comezando probablemente pola exclusión do irmán uterinos e gradualmente os xenerais.

Esta forma da familia indícanos agora coa máis perfecta exactitude os graos de parentesco. Pódense observar primeiras formas de matrimonio, aínda que só temporais.

“Se o primeiro progreso na organización da familia consistiu en excluír aos pais e os fillos do comercio sexual recíproco, o segundo foi na exclusión dos irmáns. Pola maior igualdade de idades dos participantes, este progreso foi infinitamente máis importante, pero tamén máis difícil que o primeiro. Realizouse aos poucos, comezando, probablemente, pola exclusión dos irmáns uterinos (é dicir, por parte de nai), ao principio en casos illados, logo, gradualmente, como regra xeral (en Hawai aínda había excepcións no presente século), e acabando pola prohibición do matrimonio até entre irmáns colaterais (é dicir, segundo os nosos actuais nomes de parentesco, os curmáns carnis, curmáns segundos e curmáns terceiros).”<sup>5</sup>

Desta forma, o incesto, que adquirira forma de tabú na herdanza vertical na familia consanguínea agora tomaba esta forma entre irmáns, horizontalmente. A selección natural dalgunha maneira foi demostrando que ter ‘comercio sexual’ entre pais e fillas,

---

<sup>5</sup> Do Capítulo II A Familia do libro ‘A orixe da familia, a propiedade privada e do estado’, F. Engels

nais e fillas, e agora entre irmáns e irmás uterinos limitaba as posibilidades dunha hibridización e o seu colateral vigorización da raza ou especie.

Só podíase ter sexo entre todos os dunha mesma xeración pero por grupos de non irmáns uterinos. Podíase ter sexo con todos os curmáns e cos irmáns pola vía paterna non materna.

- A familia sindiásmica. Nesta etapa un home vive cunha muller, pero de tal sorte que a poligamia e a infidelidade ocasional segue sendo un dereito para os homes, aínda que por causas económicas a poligamia obsérvase raramente; esíxese a máis estrita fidelidade ás mulleres mentres dure a vida común. Con todo, o vínculo conxugal disólvese con facilidade por unha ou outra parte, e despois, como antes, os fillos só pertencen á nai.

“No réxime de matrimonio por grupos, ou quizais antes, formábanse xa parellas conxugais para un tempo máis ou menos longo; o home tiña unha muller principal (non pode aínda dicirse que unha favorita) entre as súas numerosas, e era para ela o esposo principal entre todos os demais. Esta circunstancia contribuíu non pouco á confusión producida na mente dos misioneiros, quen no matrimonio por grupos ven ora unha comunidade promiscua das mulleres, ora un adulterio arbitrario. Pero conforme desenvolvíase a gens e ían facéndose máis numerosas as clases de "irmáns" e "irmás", entre quen agora era imposible o matrimonio, esta unión conxugal por parellas, baseada no costume, debeu ir consolidándose. Aínda levou as cousas máis lonxe o impulso dado pola gens á prohibición do matrimonio entre parentes consanguíneos. Así vemos que entre os iroqueses e entre a maioría dos demais indios do estadio inferior da barbarie, está prohibido o matrimonio entre todos os parentes que conta o seu sistema, e neste hai algúns centenaes de parentescos diferentes. Con esta crecente complicación das prohibicións do matrimonio, fixéronse cada vez máis imposibles as unións por grupos, que foron substituídas pola familia sindiásmica. Nesta etapa un home vive cunha muller, pero de tal sorte que a poligamia e a infidelidade ocasional seguen sendo un dereito para os homes, aínda que por causas económicas a poligamia obsérvase raramente; ao mesmo tempo, esíxese a máis estrita fidelidade ás mulleres mentres dure a vida común, e o seu adulterio castígase cruelmente. Con todo, o vínculo conxugal disólvese con facilidade por unha e outra parte, e despois, como antes, os fillos só pertencen á nai.”<sup>6</sup>

A familia sindiásmica aparece no límite entre o salvaxismo e a barbarie, no estadio superior do salvaxismo ou no inicial da barbarie ( mesolítico ) ,é a forma de familia característica da barbarie, como o matrimonio por grupos o é do salvaxismo, e a monogamia o é da civilización.

“Para que a familia sindiásmica evolucione até chegar a unha monogamia estable foron mester causas diversas [...] Na familia sindiásmica o grupo quedara xa reducido á súa última unidade, á súa molécula biatómica: a un home e unha muller. A selección natural. Por tanto, se non entrasen en xogo novas forzas impulsivas de "orde social", non houbese ningunha razón para que da familia sindiásmica nacese outra nova forma de familia. Pero entraron en xogo esas forzas impulsivas.”<sup>7</sup>

**O paso dunha economía baseada na caza ( paleolítico ) a unha baseada na agricultura ( neolítico ) vai ser decisivo.** Os novos métodos de produción mais eficientes, a crianza de animais domésticos e o desenvolvemento da agricultura, dan sobreabundante acceso aos bens materiais esenciais para a supervivencia da

<sup>6</sup> Do Capítulo II A Familia do libro 'A orixe da familia, a propiedade privada e do estado', F. Engels

<sup>7</sup> Do Capítulo II A Familia do libro 'A orixe da familia, a propiedade privada e do estado', F. Engels

comunidade, especialmente do home que se dedicou a estas tarefas de produción, quen ve necesario identificar aos seus propios fillos do dos outros homes para sucederlle os bens e tecnoloxías acumuladas durante a súa vida laboral.

Así xorde o último estadio descrito por Engels: a monogamia

A matrilinealidade establecía neste caso clusterizacións cruzadas o que deixaba aos homes nunha multipertenencia que os conducía á individuación e polo tanto á traizón.

- A familia monogámica. Nace da evolución da sindiásmica, no período entre o estadio medio e o superior da barbarie, en pleno Neolítico; o seu triunfo definitivo é un dos síntomas da civilización nacente.

Diremos seguindo a Engels que este tipo de tipoloxía familiar xorde a partir da xerarquización do cluster e da mediación dos homes nesta estrutura familiar que en definitiva ten como fin o resguardo dos bens materiais e as tecnoloxías así como a preservación da cultura e da relixión.

"Fúndase no predominio do home; o seu fin expreso é o de procrear fillos cuxa paternidade sexa indiscutible; e esta paternidade indiscutible esíxese porque os fillos, en calidade de herdeiros directos, han de entrar un día en posesión dos bens do seu pai. A familia monogámica diferénciase do matrimonio sindiásmico por unha solidez moito máis grande dos lazos conxugais, que xa non poden ser disoltos por desexo de calquera das partes."<sup>8</sup>

Desta forma vemos como se evolucionou desde unha topoloxía de familia totalmente distribuída cara a outra forma totalmente centralizada no pater familia, onde todo, incluído a vida e a morte, o comercio sexual é propiedade do pai padrone.

Como vimos, hai tres formas principais de matrimonio, que corresponden aproximadamente ao tres estadios fundamentais da evolución humana. Ao salvaxismo corresponde o matrimonio por grupos; á barbarie o sindiásmico, con todas as súas etapas e adulterio; e á civilización o monogámico, onde se chegan a desenvolver novos conceptos e estimas, como o Eros, o amor sexual propio, etc.

---

<sup>8</sup> Do Capítulo II A Familia do libro 'A orixe da familia, a propiedade privada e do estado', F. Engels



## 2. FAMILIA E MATRIMONIO

*"Ata agora o contido fundamental da vida da maioría das heroínas  
reducíase aos sentimentos de amor.  
Si unha muller non amaba, a vida se lle aparecía tan valeira  
coma o seu corazón".  
Aleksandra Kollontai*

Segundo expón Claude Lévi-Strauss, a familia ten a súa orixe no establecemento dunha alianza entre dúas ou máis grupos de descendencia a través da ligazón matrimonial entre dúas dos seus membros. A familia está constituída polos parentes, é dicir, aquelas persoas que por cuestións de consanguinidade, afinidade, adopción ou outras razóns diversas, fosen acollidas como membros desa colectividade.

Se ben, esta pode servírnos como definición da familia, xa vimos como o modelo de familia monogámica de tradición xudeo-greco-romana vai chegar ata case os nosos días con moi poucas variacións, aínda que con algunha significativa.

### **Institución civil**

A raíz da Reforma protestante no século XVI, primeiro neses países e posteriormente a revolución francesa en xeral en todo o noso ámbito cultura, o carácter relixioso dos lazos familiares foi substituído en parte polo carácter civil. A practica totalidade dos países desenvolvidos actuais recoñecen a relación de familia fundamentalmente no ámbito do dereito civil.

### **Industrialización e utilitarismo**

A familia tivo algúns cambios importantes a raíz da revolución industrial que confinou a miles de nenos e nenas ao traballo nas fabricas.

Algúns autores contemporáneos sosteñen que o esquema de familia predominante nas sociedades industrializadas ten tamén unha base utilitaria, ao permitir a transmisión de capitais económicos, simbólicos e sociais. Segundo estes autores, a familia que se tende a considerar como "natural" é un constructo de invención recente e que pode desaparecer en forma máis ou menos rápida. O fenómeno subxacente neste razoamento é que as palabras non só falan da "realidade" senón que lle outorgan significado e, por tanto, o definir algo como "normal" é un proceso non neutral que fomenta o que se define como tal:

“O que distingue ás nosas sociedades industrializadas das sociedades exóticas [é] o feito de que os nosos grupos sociais recrútanse menos sobre a base do parentesco que sobre as clases de idade, a clase social, a afinidade amical, o lugar de traballo, o exercicio do lecer, etcétera”, apunta por exemplo a etnóloga francesa, Martine Segalen. (...) Segalen afirma que o grupo doméstico antigo, do cal non existe un único tipo senón varios, "é tan inestable como a célula conxugal contemporánea". E que, neste sentido, "a nosa sociedade non inventou nin a mobilidade xeográfica nin a inestabilidade dos matrimonios sometidos". (...) Para esta autora, a estrutura familiar predominante nas sociedades industriais é unha figura "efémera" e "transitoria" entre os modelos clásicos e os que están a aparecer actualmente.”<sup>9</sup>

---

<sup>9</sup> Revista Teína: Detrás da palabra "familia"

## **O divorcio ou a temporalidade do matrimonio**

O divorcio, ou o recoñecemento da temporalidade do matrimonio, é tan antigo como o propio matrimonio, pero non é ata a reforma luterana que se comeza a aplicar con recoñecemento xurídico no nos ámbito cultural.

E a partir dos anos sesenta, a partir do ideal emancipador do movemento sesentaoitista, que tiña no auxe do movemento feminista un dos seus piares, cando se empeza a xeneralizar a aceptar con normalidade o divorcio ou a convivencia ao marxe do matrimonio. Un maior número de parellas viven xuntas antes de, ou sen, contraer matrimonio. De forma similar, algunhas parellas de persoas maiores, a miúdo viúvos ou viúvas, atopan que é máis práctico desde o punto de vista económico cohabitar sen contraer matrimonio.

Así xorden novos modelos de familias. A familia de pais casados en segundas nupcias é a que se crea por mor dun novo matrimonio dun dos pais. Este tipo de familia pode estar formada por un pai con fillos e unha nai sen fillos, un pai con fillos e unha nai con fillos pero que viven noutro lugar, ou dúas familias monoparentais que se unen.

No estado español a lei do divorcio aprobada durante a II República queda abolida tralo golpe de estado do ano 36, obrigándose a convivir a parellas legalmente separadas. Non vai ser ata 1981 cando se promulgue a nova lei de divorcio nunha decisión non exenta de polémica a pesar de ter sido promulgada por un goberno con participación de demócrata-cristiáns.

## **Unións de feito**

Unha das maiores modificacións sociais que se teñen producido nos últimos anos é a diversificación dos núcleos sociais básicos: as familias. Así, entrou en crise a unión tradicional home-muller-descendencia, e os conseguíntes tópicos sobre o sostén económico.

Hoxe todo isto é historia e existen e son recoñecidas distintas composicións familiares teorizadas polos expertos, e que van desde as “monoparentais”, maioritariamente femininas, ata o maior dos agrupamentos ( ascendencia-descendencia), por non mencionar a tan traída e levada tardanza dos descendentes para abandonar o “fogar familiar”.

Todos estes novos núcleos son admitidos e estudados, etiquetados convintemente segundo o prisma económico consultado. En ningún caso analízase como o afecto pode incidir nesa transformación social que supón só a aceptación do termo ‘familias’, en plural, e máis aló, a ruptura das estruturas que pode traer a asunción de opcións non tradicionais, opcións sexuais,...que acaban por rachar o sistema equilibrado e controlado.

Esta é a razón que levaba ata hai poucos anos a negar a existencia de parellas de homosexuais e a oposición a outorgarlles calquera dereito, e por elo rexeitalas na decisión política.

Durante os anos 90 houbo diversas iniciativas legislativas en diversos parlamentos autonómicos e tamén no congreso dos deputados para avanzar nese terreno. Tanto o grupo socialista coma IU-IC presentaron a finais dos noventa dúas Proposicións de Lei que non prosperaron debido a maioría conservadora daquel momento.

Ditas iniciativas legislativas pretendían regular as Parellas de Feito, para conferirlles o rango de familia e darlle dereitos a novas familias excluídas ( nomeadamente homosexuais e lesbicas ). Para que nos fagamos unha idea de como era o debate hai unha década, e como evolucionou ata hoxe, a proposta do Grupo Socialista dirixía a súa acción exclusivamente ao recoñecemento a dereitos devengados da convivencia, dereitos patrimoniais e dereitos postmortem. A proposta de IU/IC ía máis aló ao equiparar calquera das unións co matrimonio.

Nese momento, falamos de abril do 97, hai un acontecemento que aínda que non modifica o resultado parlamentario e mesmo o grupo popular impediu a tramitación das dúas proposicións de lei si tiveron un impacto importante na opinión pública que a larga axudaron a madurar á sociedade española moito máis que miles de debates parlamentarios.

A raíz da convivencia dunha familia con dous fillos composta por irmáns biolóxicos que eran descoñecedores de tal feito o concello de Cambre aproba a posta en marcha dun rexistro de 'unidades non matrimoniais' municipal que significaba un xiro máis na obrigada aceptación por parte das administracións dun feito imparabile.

O rexistro aceptará inscribir calquera unidade non matrimonial coas únicas condicións de que o seus integrantes, en número ilimitado, estiveran censados no concello e sexan maiores de idade ou menores emancipados legalmente. Nin sequera se establecían restricións para grupos que tiveran relación de consanguinidade entre os seus membros como é habitual na maioría dos rexistros municipais.

A convivencia desta familia e a súa aceptación social obrigou, mesmo naquel ambiente conservador, a que os concelleiros do PP se abstiveran, solicitando crear un rexistro como "o de Vitoria ou o de Santiago".

Cando parecía que a globalización e o fin da historia fixera desaparecer as diferenzas entre a esquerda e a dereita en ámbitos como o económico, estas diferenzas de concepción reaparecían no ámbito das liberdades individuais e colectivas. Queda como nota refrescante daqueles días as declaracións do entón tenente de alcalde de Cambre, Augusto Rey, ao afirmar que se decidiron a dar o paso a partir dunha "elaboración intelectual do problema", inspirada na lectura dun artigo do ensaísta Vicente Verdú.

### **O divorcio 'express' e o recoñecemento legal do matrimonio homosexual**

O caso do concello de Cambre amosou unha vez máis que a realidade é moito máis plural do que algúns pretenden regular. Máis aló das páxinas de xornais e de minutos de telexornais adicados aqueles días á familia 'incestuosa' de Cambre, aquel acontecemento deixou dúas cuestións claras:

A primeira, é que todos e todas temos os mesmos dereitos legais e xurídicos e seguramente existan elementos do código civil que inculcan a constitución do 78. Polo tanto facíase necesaria unha actualización da lexislación para que unha vez máis a sociedade non teña por que ir, de xeito vergoñento, por diante das leis que a regulan.

A segunda, é que a sociedade demandaba cambios legislativos para adecuar a realidade dunha sociedade moderna, aberta e tolerante, e que ditos cambios non ían ser suficiente por medio de regular as parellas ou unións de feito senón por abordar unha fonda democratización e modernización da figura do matrimonio, en particular, e da familia, en xeral.

Con posterioridade, dúas son as medidas fundamentais que teñen cambiado o concepto de familia.

O 8 de xullo de 2005 se reforma o código civil que supón a actualización do divorcio. Esta medida ademais de axilizar os tramites eliminando o período de separación e permitindo aos tres meses do casamento poder rachar a unión xurídica, introduce un elemento clave na desactivación da mala conciencia por parte fundamentalmente da muller, eliminando o motivo de infidelidade como unha das causas principais e eliminando a 'motivación' necesaria para o mesmo.

Paralelamente a esta decisión o día 30 de xuño de 2005 se aprobou a lei que modificaba o código civil e permitía o matrimonio entre persoas do mesmo sexo (e, como consecuencia disto, outros dereitos como a adopción conxunta, herdanza e pensión).

Estas novas unidades familiares apareceron nalgúns países desenvolvidos nas décadas dos 60 e 70. Nos anos 90 comezáronse a promulgar leis en diferentes países que ofrecen protección a estas familias e legalizaron o seu status ao recoñecer o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

### **Familia e crise**

Asistimos a unha crise sistémica sen precedentes e que todo apunta a que vai a estar entre nos durante algún tempo. Ademais temos cambios que están a afectar á configuración das familias: desindustrialización e post-fordismo, crecemento das periferias urbanas e proliferación de guetos, emigración,...

Segundo o Instituto de Política Familiar (IPF) no seu informe Evolución da Familia en Europa (2006) apunta que:

“As crises e dificultades sociais, económicas e demográficas das últimas décadas fixeron redescubrir que a familia representa un valiosísimo potencial para o amortiguamento dos efectos dramáticos de problemas como o paro, as enfermidades, a vivenda, as drogodependencias ou a marxinalidade. A familia é considerada hoxe como o primeiro núcleo de solidariedade dentro da sociedade, sendo moito máis que unha unidade xurídica, social e económica. A familia é, ante todo, unha comunidade de amor e de solidariedade.”

Este tipo de consideracións que aparentemente parecen razoables hai que acollelas con moita precaución pois os poderes públicos poden ter a tentación de que as familias xoguen un papel amortiguador diante da crise e da perda de conquistas sociais ou do chamado 'estado de benestar' e poden servir de inspiración para políticas ultraconservadoras que nos plantexen a medio prazo unha volta á muller a roles necesarios nunha etapa de crise e que xa todos sabemos ao que conducen: a discriminación do 50% da sociedade.

Obviamente estas políticas neoconservadoras vanse intentar disfrazar tralo argumento da desestruturación familiar ou das necesidades das nenas e nenos desatendidos.

### **O reto: democratizar a familia**

A pesar dos avances a institución familiar é sen dubida unha das que menos se ten modernizado nas últimas décadas e nas que se teñen atopado estruturas máis ríxidas en varios séculos. Así ata case as primeiras décadas do presente século os dereitos

da muller na familia eran practicamente nulos e foi nesa mesma época cando nos países máis avanzados se plasmou legalmente a posible anulación contractual do mesmo por medio do divorcio.

Este inmovilismo da institución familiar levou a que sectores avanzados renunciaran - e sigan a renunciar - a un ente que ten máis de estrutura piramidal e reprodutora de falsos valores que dun enlace amoroso que fixa os seus límites legais e temporais contractualmente diante da sociedade civil.

Faise necesario un proceso de democratización e revisión profundo da familia. Primeiro laicizándoa, quitándolle calquera connotación relixiosa ou sacramental e polo tanto pluralizándoa. A familia debe entenderse como un proxecto en común entre seres humanos e como tal existen tantos tipos de familias como tipos de relacións humanas e afectuosas: monomarentais, monoparentais, heterosexuais sen descendencia, homosexuais con descendencia, colectividade grupais con ou sen descendencia,... Alí onde exista un vínculo afectivo relacionado cun proxecto vivencial común debe existir en termos legais unha familia e esta debe estar amparada polos poderes públicos.

En segundo lugar humanizándoa. **Deben cambiar os roles dos homes e das mulleres adultas, dos primeiros para que asuman a humanización do cotiá, as segundas para que ocupen o lugar que a historia dos homes lles roubou. Deben cambiar as relacións dos adultos cos nenos e coas nenas para que non existan máis homes e mulleres con infancias roubadas ou violentadas por adultos.**

Desto se trata no século que acaba de comezar.

Engels acertou ao entender que o modelo de familia actual é froito dun proceso evolutivo social onde a aparición das clases sociais foi central, pero se equivocou ao situar o fin dese modelo na desaparición das mesmas.

O actual modelo de familia esta en crise, a pesar de que o modelo capitalista segue en vigor, e isto ocorre porque ademais do aspecto de modelo produtivo, o actual tipo de familia ía unido a unha determinada moral, hoxe en quebra, e a un obxectivo reprodutor, hoxe desprazado, nas novas relacións afectivo-sexuais.

### 3. MATRIMONIO, SENTIMENTOS E SEXO

*“Una de dos: o me llevo a esa mujer,  
O entre los tres nos organizamos,  
Si puede ser”  
Luis Eduardo Aute*

As relacións de parella en xeral e o matrimonio en particular, teñen que ser explicados, ademais de como estruturas sociais, como espazos onde os sentimentos xogan un papel central. Sentimentos tranquilos como o amor e outros máis tormentosos como os celos ou a paixón.

E evidente que na sociedade post-fordista ou post-moderna na que vivimos todos estes sentimentos téñense modificado de igual xeito que o concepto de fidelidade tamén ten adquirido novas dimensións.

O amor parece ‘un sentimento positivo cara a outra persoa que saca o mellor de nos e no que desexamos o ben para a persoa amada’ como dí Juan Luis Vives. Pero o sentimento do amor so configura unha relación afectiva. O tránsito dunha relación afectiva a unha relación afectivo-sexual é o **transito dunha relación de amor ‘fraterno’ a unha relación de amor ‘orgánica’**, e aí é onde a afirmación de Severo Ochoa de que ‘o amor é física e química’ adquire plena importancia.

Estamos ante unha relación que necesita de reacción química que produce ‘feniletilamina’, unha amina que condicionaría o noso estado anímico tal como o pode facer unha anfetamina e que se activa pola unión física, por calquera dos nosos sentidos: vista, olfacto, gusto, tacto ou oído.

Pero esta paixón que Hipócrates definía como ‘a enfermidade provocada polo outro’ ten segundo os científicos data de caducidade. A propia unión entre dous corpos crearía en termos físico unha entropía, un desgaste que se sitúa entre seis meses e dous anos. Unha vez pasado ese tempo, e segundo os científicos, a paixón desaparecería e pasaríamos dunha relación afectivo-sexual a unha soamente afectiva no mellor dos casos e o desgaste non ten sido demasiado.

Sen quitar, porque sería inútil, ni un milímetro de certeza ás conclusións dos científicos, cabería analizar as motivacións do desgaste e como poder atallalas para manter unha relación afectivo-sexual viva tralo período, chamémoslle, ‘vírico’.

Obviamente algúns motivos de desgaste teñen que ver co lado afectivo: convivencia, compatibilidade de caracteres, intereses comúns, ... necesarios para manter ese aspecto da relación. Agora ben, parémonos por un momento no aspecto sexual, polo tanto pasional. Aquí se dubida son outras as cuestións a preservar: gusto físico, interese erótico, motivación sexual,...

Así que a pregunta que cabería facerse é se é posible manter a relación afectivo-sexual nunha relación en todos os seus termos, incluídos o pasional, ao longo dun período longo ?

A resposta é SI. Como ?

Hoxe existen, como viamos antes, diversos modelos de familias, pero tamén diferentes formas de entender as relacións afectivo-sexuais: diversos grados de poliamoria,

intercambio de parellas, matrimonios homosexuais, relacións de parella abertas, ... e un longo etcétera que non son máis que expresións que unha sociedade libre e democrática ten do xeito de entender esas relacións afectivo-sexuais, ao marxe dos dogmas relixiosos ou mesmo máis aló da lexislación civil vixente.

Para esas persoas o matrimonio non é un paso na súa domesticación social e un cambio de etapa vivencial, feito de xeito vergoñento coa escusa da presión do entorno familiar e co menosprezo dos que desde un novo status xa pretenden explicar que xa o teñen todo vivido, senón un acto de xenerosidade.

Son persoas que apostan por relacións libres pero con compromisos. Non comparten o egoísmo daqueles que non son capaces de comprometerse con ninguén porque non queren definirse consigo mesmos ou como di o escritor norteamericano **Paúl Auster** na súa obra de axuste de contas co seu pai "**la invención de la soledad**" :

"se a un home a vida lle resulta tolerable so si permanece na superficie de si mesmo, é natural que se sinta satisfeito obtendo esa mesma superficie dos demais. Ten que responder a poucas demandas e non necesita comprometerse. O matrimonio pola contra, péchalle esa porta".

Tratase de abordar as relacións afectivo-sexuais desde o plano da liberdade e do goce.

Quizais sexa nas obras do escritor checo **Milan Kundera** "**el libro de la risa y el olvido**" e "**la insoportable levedad del ser**" quen describa en mellor medida amores asfixiantes sen motivación sexual nun mundo seguro pero gris e insoportable. Tratase da denuncia da vida cotiá na sociedade actual e anódina, onde as persoas teñen un grande baleiro existencial.

"O home nunca pode saber qué debe de querer, porque vive só unha vida e non ten modo de compararla coas súas vidas precedentes, non pode emendala nas súas vidas posteriores [...] O que so ocorre unha vez, é como senón ocorrera nunca. Si o home só pode vivir unha vez, é como senón vivira en absoluto."<sup>10</sup>

Respostando a pregunta anterior, a paixón pode perdurar ao longo do tempo si se producen alomenos tres factores concorrentes:

- **Existencia dunha boa relación afectiva e unha convivencia fraterna.** O primeiro que se rompe nunha relación é o respecto mutuo froito dos desaxustes na convivencia ou na incompreensión dos intereses do outro ou da outra

- **Existencia dunha relación afectiva e sexual en plano de equilibrio.** A igualdade entre xéneros non é unha cuestión unicamente formal ou funcional, senón que debe transcender ao ADN da relación.

- **Existencia dunha relación sexual creativa** que permita reactivar cada certo tempo a 'reacción química' que provoca á paixón. Para elo é fundamental a imaxinación e a liberdade creativa conxunta. O concepto de fidelidade ten cambiado ata o punto de que vincular paixón e celos é equivoco. Os celos son unha patoloxía impulsada por un elemento endóxeno: a falta de autoestima e un elemento esóxeno: concibir á parella como unha propiedade.

---

<sup>10</sup> "La insoportable Levedad del Ser" (1984 ). M. Kundera

## ANEXO: POLIAMORIA, SWINGERS E RELACIÓNS ABERTAS<sup>11</sup>

Nesa busca da felicidade multilateral ou multifocal tres xeitos de entender as relacións afectivo-sexuais adquiriron nos últimos anos, seguindo a estela da liberdade dos anos sesenta: a poliamoria, as parellas liberais ( ou swingers ) e as relacións abertas.

Aínda que cada unha destas formulas é diferente teñen varios denominadores (Valores) comúns:

- Novo concepto da Fidelidade. A maioría dos monógamos definen fidelidade como o compromiso a un só amor exclusivo, absténdose de ter algún outra relación sexual ou de parella durante o devandito compromiso. A diferenza, a maioría dos poliamorosos, swingers ou relacións abertas asentan a súa fidelidade nos valores da honestidade e ligado aos compromisos establecidos no marco da parella, que non ten porque ser unifocalmente sexual.

- Honestidade e respecto. A maioría dos poliamorosos, swingers ou relacións abertas, salientan respecto e comunicación no marco da(s) relación (s). As relacións monogámicas baséanse na maioría nunha relación sustentada no engano ( tal como confirman as enquisas ) e polo tanto na hipocrisía social. Do mesmo xeito gardar información 'aínda nun acordo de non digas se non hai pregunta' parece algo enganoso, xa que a persoa dificilmente pode manexar a verdade ou confianza ante o(s) seu(s) amor(es).

- Comunicación e negociación. Xa que non existe un 'modelo estándar' de relación poliamorosa, swinger ou de relación aberta, os participantes dunha relación poden ter diferentes ideas acerca de como a relación debe funcionar. Se non se definen as ideas, as expectativas erradas poden ser extremadamente daniñas á relación. A diferenza doutras formas de relacións negociadas (i.e. acordo prenupcial) estas persoas toman a negociación como un proceso continuo ao longo da vida da relación.

En relacións convencionais, os participantes poden establecer un conxunto de expectativas comúns sen ter que conscientemente negocialas, simplemente ao seguir estándares sociais (un esposo e esposa esperan soportarche financeiro un do outro, por exemplo.) As novas relacións non poden basearse en estándares sociais como punto de partida, dentro a relación tense que acordar moito máis por medio da comunicación, o mutuo respecto e a comprensión, que máis ben por algo establecido.

- Libre albedrío das persoas. As persoas en relacións convencionais a miúdo acordan non buscar outras relacións en ningunha circunstancia, xa que atentarían con diluír ou substituír a relación primaria. Os poliamorosos, swingers ou persoas nunha relación aberta cren que estas restricións non son de feito o mellor nunha relación, xa que tenden a remplazar a confianza con prohibicións posesivas, e pon as relacións nun marco de propiedade e control 'ti es meu'. Isto reflicte suposicións culturais onde as restricións parecen necesarias para frear 'deslizamentos' da parella, ou onde a outra relación próxima puidese ser unha seria ameaza á dilución do vínculo.

Os poliamorosos perciben ao amor do seu amor, en función do enriquecemento á vida do seu amor, mais que unha ameaza para os seus vínculos. O vello devandito 'Se amas algo, déixao libre, se regresa é teu, si non, nunca foi' describe unha visión similar. No caso do swingers esta polirelación se acota ao ámbito sexual, sendo

---

<sup>11</sup> Existen diversas páxinas webs onde poder atopar información sobre estas iniciativas. En concreto na web [www.poliamoira.com](http://www.poliamoira.com) existe bastante información sobre este tema.



común que aínda que poidan existir relacións de amizade entre as parellas swingers, sempre son no marco común da parella e nunca na relación entre cada unha das partes.

En todo caso a visión posesiva das relacións é algo que se debe evitar, así como os celos como derivada da mesma actitude de posesión.

## **Poliamoría**

Poliamoría é un modelo baseada na simultaneidade de varias relacións íntima, simultánea, amorosa, sexual (non necesariamente), duradeiras, co pleno consentimento e coñecemento de todos os amores involucrados. A persoa que entra ou se considera a si mesmo emocionalmente capaz de tales relacións defínese a si mesmo como poliamoroso.

Os dous ingredientes esenciais do concepto poliamoría son, 'máis dun' e 'amoroso'. Isto é, espérase que máis de dúas persoas poidan nun mesmo tempo, estar relacionados amorosamente e involucrados nas súas vidas e coidado mutuo, en dimensións múltiples. Este termo non tenta aplicarse a meras relacións sexuais casuais, orxías anónimas, pasar a noite, amoríos, prostitución, monogamia serial, ou outras definicións populares de intercambio de parella.

O termo pretende ser incluínte, e nese contexto, inclúe heterosexuais, homosexuais e bisexuais, e non tenta particularmente excluír aos adeptos ao 'intercambio de parella' (parellas liberais ou swingers), si estes acollen o termo para incluírse nel.

O termo Poliamoría ( híbrida: do grego poli , moitos e do latín amor ) apareceu nos anos 60 de forma ocasional. Morning Glory, no seu artigo 'A bouquet of Lovers' (1990) alenta a popularización do termo, e Jennifer Wesp quen creou un grupo de noticias na rede en 1992 [alt.polyamory.org](http://alt.polyamory.org) foi que a popularizou.

Algunhas formas de poliamoría inclúen:

- Polifidelidade. Involucra múltiples relacións románticas onde o contacto sexual restrínxese aos membros específicos do grupo.
- Relacións xerárquicas. Distingue entre relación 'primaria', 'secundaria' e mesmo 'terciaria' (i.e. a maioría de matrimonios abertos).
- Poligamia (poliginia e poliandria). Onde unha persoa casa con varios esposos (poliandria) ou varias esposas (poliginia), ( as cales entre elas mesmas, puidesen ou non estar casadas ou manter relacións).
- Relación grupal e matrimonio grupal. Onde se considera que todos os membros están igualmente asociados uns entre outros.
- Redes de relacións conexas. Onde unha persoa pode ter varias relacións en diversos grao de importancia con varias persoas.
- Relacións mono-poliamorosas onde un dos integrantes é monógamo pero acepta que o outro sosteña relacións externas.
- Tribo ou comunas. Onde as relacións de amizade, amor e sexualidade, obedecen a redes complexas entre os seus membros, pero mantendo entre todos unha identidade e coidado común.

## **Relación aberta**

Relación aberta denota unha relación (usualmente entre dúas persoas) onde os participantes son libres de ter outros amores; cando ditas persoas están casadas,

denomínase matrimonio aberto. A relación aberta e a poliamoría son termos diferentes.

-Algunhas relacións poñen restricións estritas aos seus compoñentes (i.e. polifidelidad); tales relacións son poliamorosas, pero non son abertas.

- Algunhas relacións permiten sexo fóra da relación primaria, pero non, amor ou romance; tales relacións son abertas pero non poliamorosas.

-Algúns poliamorosos non ven dicotomías entre 'relacionados e non relacionados' entre 'amores e non amores'; sen estas divisións, parece non haber caso para clasificar as relacións como abertas ou pechadas.

## **Swinger**

A diferenza das relacións poliamorosas nas parellas liberais ( ou swinger ) onde hai unha relación emocional estable, neste caso se trata de iniciativas nas que sexo é o centro do intercambio de parella ou de outro tipo de iniciativas esporádicas, aínda que as diferenzas entre intercambio de parella e poliamoría son un tema aberto de debate e interpretación.

O intercambio de parella aínda que non implica namoramento coas súas relacións externas parte do concepto de 'sinceridade' ou 'fidelidade' da que parte o poliamorío. Moitos dos intercambiadores de parella chegan a involucrarse estreitamente cos seus múltiples amantes, e a ser amigos e amantes regulares.

Moitas persoas dentro das comunidades de poliamoría e de intercambio de parella ven nelas prácticas coincidentes na sexualidade e intimidade aberta.

As parellas swingers tenden a ser parellas estables e cunha compenetración alta que impida situacións de celos ou enganches entre os intercambiadores.

Algunha das críticas recorrentes sobre este tipo de relacións están baseadas no debilitamento do amor debido a súa división.

Esta crítica común á poliamoría está baseada na crenza que ao dividir o amor entre varias parellas, ese amor diminúese. Isto é un argumento matemático que trata ao amor como un obxecto divisible ou ben como un enteiro, algo que soamente poden darse a unha persoa si se lle quita á outra.

Os poliamorosos rexeitan esta visión do amor, argumentando que o amor non se diminúe pola división. Un argumento usualmente sostido é que unha persoa que ten dous fillos non ama menos a calquera deles pola existencia do outro. A visión sistémica atopa que o amor que xorde no grupo poliamoroso pode ser algo inalcanzable por unha persoa ou unha parella no particular.

Aqueles que valoran a monogamia a miúdo sinalan a forza e confianza que pode construírse en parellas duradeiras por estar enfocados un ao outro, ao non ter outras relacións.

Un punto de vista intermedio é que manter unha relación require tempo e enerxía, e ningún destes recursos son infinitos; así, mentres é posible amar a varias persoas tanto como a unha, hai un punto tal en que as relacións puidesen empezar a sufrir.

As relacións poliamorosas a miúdo son criticadas porque non duran. É difícil chegar a números precisos sobre a lonxevidade das relacións poliamorosas en comparación coas monógamas, o que parece difícil avaliar por varias razóns.

Do mesmo xeito que os outros grupos de relacións non-tradicionais, os poliamorosos non publicitan o seu status de relación. Comunmente, só aquelas que fracasan en público chéganse a percibir. O criterio de 'éxito' dos seus participantes non sempre coincide cunha 'meta' establecida pola convención monógama. A poliamoría é moito máis fluída que o matrimonio tradicional, así as relacións poliamorosas cambian ou terminan na medida que os seus participantes consideran conveniente. Unha relación que enriquece as vidas dos seus participantes usualmente considérase 'exitosa' aínda cando chegue a un fin, xa que isto é parte do fluxo da poliamoría e pode terminar sen a amargura que acompaña a moitas das rupturas de matrimonios monógamos.

No caso das parellas swinger as relacións sexuais sempre se concretan dentro do proxecto común da parella polo que o que fai é fortalecer a relación nos seus diversos aspectos e sobre todo no terreno sexual e pasional.

Non obstante requírese un certo grado de madurez e fortaleza da parella, pois a educación recibida non predispón a favor destas iniciativas e é moi fácil que un problema de ritmos ou sentimentos negativos, coma os celos, afloren nun período inicial e abran un período, case con toda seguridade, de crise na parella que se resolvera cunha reafirmación na proposta liberal ou cun obrigado paso atrás.